CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2022/5

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, xoves 9 de xuño de 2022 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMÓN ABUÍN GÓMEZ
ANA MUÑIZ ABUÍN

BNG
XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA
M. SOLEDAD BOGA GRELA (Incorporase ás 20:02 horas)
SERGIO JOSÉ BOGA GÓMEZ
JOSÉ PABLO CARBAJAL IGLESIAS

Unidade Veciñal de Dodro
ABEL TARRÍO ABUÍN
XOÁN XOSÉ VICENTE FRANCO

AUSENCIAS:
PP
ADRIANA SÓÑORA BUSTELO

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

CVD: BdxbUYMmJk60K0loOyOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. DACIÓN CONTA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA EXERCICIO 2021
3. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS DO EXERCICIO 2021
4. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 1º TRIMESTRE 2022
5. DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO NO EXERCICIO 2021
6. DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO EXERCICIO 2022

B) DELIBERACIÓN E ACORDO

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DOS DÍAS 25-03-2022, 07-04-2022 E 29-04-2022
8. RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 122/2022 DO 08/04/2022 DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, ROIS E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2022
9. SOLICITUDE COMPATIBILIDADE OLALLA RODRÍGUEZ BLANCO
10. MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO DA "CARRETERA DE IMO" POR "RÚA MONCHO REBOIRAS" CONFORME AO ARTIGO 16.2 DO REGULAMENTO ESPECIAL PARA A CONCESIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE DODRO.

C) MOCIÓNS:

11.MOCIÓNS DE URXENCIA

D) CONTROL DO GOBERNO

12. Rogos e preguntas

PROPOSTAS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro: "*Boas tardes a todos, vamos a celebrar a sesión ordinaria do pleno da corporación municipal do Concello de Dodro de hoxe xoves 9 de xuño, e empezamos por:"*

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que a a continuación se transcribe de xeito literal:

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

"Exp.: 2022/G006/000135
Asunto: Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das resolucións que van desde o número 117/2022 ao 191/2022, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da alcaldía indicadas.

2. DACIÓN CONTA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA EXERCICIO 2021

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Expediente: 2022/G006/000137
Asunto: Dación conta aprobación liquidación do orzamento de 2021
Trámite: Proposta para o Pleno

Dáse conta ao Pleno Municipal da resolución da Alcaldía núm. 139/2022 de data 26/04/2022 de aprobación da liquidación do orzamento 2021 que se transcribe deseguido:

"EXPEDIENTE: 2022/T019/000001
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
Asunto: Liquidación Orzamento 2021

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente artigo 21 lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, en aplicación dos artigos 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo e artigo 90 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril de desenvolvemento da lei reguladora das facendas locais e demais normativa.

Visto o expediente de liquidación do Orzamento municipal do ano 2021, informado pola Intervención municipal o 26 de abril de 2022, no que respecta á propia liquidación, e na mesma data, no que respecta á comprobación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

En cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo,

RESOLVO:

PRIMEIRO. *Prestar aprobación á liquidación do orzamento do exercicio 2021 e, en consecuencia, aprobar:*

RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO 2021

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Operación correntes	*2.177.411.05*
b. Operacións de capital	*132.405,86*
1. Total operacións non financeiras (a+ b)	*2.309.816,91*
2. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	*0,00*
3. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	*0,00*
Total dereitos recoñecidos	***2.309.816,91***
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Operacións corrientes	*1.786.854,20*
b. Operacións de capital	*215.036,57*
1. Total operacións non financeiras (a+ b)	*2.001.890,77*
2. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	*0,00*
3. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	*62.073,74*
Total obrigas recoñecidas	***2.063.964,51***
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	***245.852,40***
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	*84,87*
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	*185.453,04*
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	*291.893,82*
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	***139.496,09***

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERIA

1. Fondos líquidos	***635.239,76***
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	***68.431,58***
2.a. Do orzamento corrente	*34.672,53*
2.b De orzamentos pechado	*54.843,17*
2.c De operacións non orzamentarias	*157,96*
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	*21.242,08*
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	***115.661,89***

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.a. Do orzamento corrente	*8.988,51*
3.b. De orzamentos pechados	*16.811,53*
3.c. De operacións non orzamentarias	*89.861,85*
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	*0,00*
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	***588009,45***
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	*52.464,72*
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	*79.880,99*
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	***455.663,74***
V. SALDO OBRIGAS PENDENTES APLICAR A PRESUPOSTO	*0,00*
VI. SALDO DE ACREDORES POR DEVOLUCIÓN DE INGRESOS	***0,00***
VII. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS AXUSTADO	***455.663,74***

SEGUNDO. *Dar conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que éste celebre de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.*

TERCEIRO. *Ordear a remisión da copia da devandita liquidación aos órganos competentes.*

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís.
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo, que da fe."

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados da resolución da alcaldía da liquidación orzamento 2021.

3. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS DO EXERCICIO 2021

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2022/G006/000138
TRÁMITE: DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS.

DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS DO EXERCICIO 2021.

De conformidade co artigo 218 da Ley reguladora das Facendas locais, dáse

CVD: BdxbUYMmJk60K0loOyOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

conta do informe elaborado pola Secretaría-intervención 57/2022 que literalmente di:

"EXPEDIENTE NÚM. 2022/T017/000001
ASUNTO: INFORME DE INTERVENCIÓN REFERIDO AO EXERCICIO 2021, CONFORME ESTABLECE O ARTIGO 218 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, DO 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

No artigo 218 do RDL 2/2004 de 5 de marzo establécese o seguinte:
*"**1.** El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.*
Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.
El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.
***2.** Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.*
***3.** El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local."*
En desenvolvemento do dito precepto publicouse no Boletín Oficial do Estado de 17 de xullo de 2015 a Resolución de 10 de xullo da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 30 de xuño, polo que se aproba a Instrución que regula a remisión telemática de información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados polos interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa.
Dita normativa prevé, que a vez que se remiten o Tribunal de Contas as respectivas contas, remitirase a información que se detalla na Orde a través da Plataforma de Rendición de Contas a Entidades Locais, que a súa vez, unicamente poderá enviarse de forma electrónica.
En consecuencia co anteriormente exposto, na seguinte táboa consta a relación dos reparos formulados pola Intervención Municipal en materia de gastos:

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ejercicio	Número de Expediente	Fecha del reparo	Fecha del acuerdo	Órgano que resuelv	Importe	Fase del gasto reparada
2021	2021/4008/000037	16/09/2021	17/09/2021	Presidente	23.310.00	Compromiso (D).
Tipo de Expediente	Importe					
Contratación de personal	23.310.00					
2021	2021/E001/000002	29/07/2021	29/07/2021	Presidente	47.432.28	Compromiso (D).
Tipo de Expediente	Importe					
Contratación de personal	47.432.28					
2021	2021/E001/00001	02/07/2021	08/07/2021	Presidente	8.061.99	Compromiso (D),Autorización (A).
Tipo de Expediente	Importe					
Contratación de personal	8.061.99					
2021	2021/G003/000024	23/02/2021	23/02/2021	Presidente	3.001.80	Reconocimiento de la Obligación (O).
Tipo de Expediente	Importe					
Contrato de servicios	3.001.80					
2021	2021/G003/000057	13/04/2021	13/04/2021	Presidente	3.509.62	Reconocimiento de la Obligación (O).
Tipo de Expediente	Importe					
Contrato concesión de servicios	3.509.62					
2021	2021/G003/000066	28/04/2021	28/04/2021	Presidente	18.910.02	Reconocimiento de la Obligación (O).
Tipo de Expediente	Importe					
Contrato de servicios	18.910.02					
2021	2021/G003/000565	29/12/2021	29/12/2021	Presidente	61.642.54	Reconocimiento de la Obligación (O).
Tipo de Expediente	Importe					
Contrato de servicios	46.003.99					
Contrato de suministro	15.638.55					
2021	2021/G006/000314	08/07/2021	08/07/2021	Presidente	11.677.17	Reconocimiento de la Obligación (O).
Tipo de Expediente	Importe					
Contrato de suministro	3.955.08					
Contrato de servicios	7.722.09					
2021	2021/G006/000422	11/10/2021	11/10/2021	Presidente	103.465.35	Reconocimiento de la Obligación (O).
Tipo de Expediente	Importe					
Contrato de servicios	99.009.43					
Contrato de suministro	4.455.92					
2021	2021/G006/000450	09/11/2021	09/11/2021	Presidente	19.611.97	Reconocimiento de la Obligación (O).
Tipo de Expediente	Importe					
Contrato de servicios	9.891.74					
Contrato de suministro	9.720.23					
2021	2021/G006/000500	14/12/2021	14/12/2021	Presidente	131.385.97	Reconocimiento de la Obligación (O).
Tipo de Expediente	Importe					
Contrato de servicios	122.444.09					
Contrato de suministro	8.941.88					
2021	2021/G006/000573	30/12/2021	30/12/2021	Presidente	37.443.16	Reconocimiento de la Obligación (O).
Tipo de Expediente	Importe					
Contrato de servicios	35.761.86					
Contrato de suministro	1.681.30					
2021	2021/e001/000002	11/10/2021	11/10/2021	Presidente	47.432.28	Compromiso (D).
Tipo de Expediente	Importe					
Contratación de personal	47.432.28					
2021	2021/e001/000006	29/10/2021	04/11/2021	Presidente	25.490.92	Fase Acumulada (AD).
Tipo de Expediente	Importe					
Contratación de personal	25.490.92					
2021	2021/e001/000007	10/11/2021	10/11/2021	Pleno	25.000.00	Fase Acumulada (AD).
Tipo de Expediente	Importe					
Contratación de personal	25.000.00					
2021	2021/e001/000010	22/12/2021	23/12/2021	Presidente	32.097.48	Fase Acumulada (AD).
Tipo de Expediente	Importe					
Contratación de personal	32.097.48					
2021	2022/g008/000038	04/03/2021	04/03/2021	Presidente	1.779.91	Reconocimiento de la Obligación (O).
Tipo de Expediente	Importe					
Contrato de servicios	1.779.91					

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Igualmente indícase que non se inclúe unha relación de principais anomalías detectadas, tanto no exercicio da función interventora como de control financeiro, en materia de ingresos, así como unha relación dos acordos adoptados sen o trámite preceptivo de fiscalización previa, pois non se emitiu ningún informe ó respecto.
A información que foi remitida ao Tribunal de Contas foi a atopada nos expedientes que constan no departamento de secretaría-intervención trala toma de posesión da informante que tivo lugar o día 19/04/2021.

Dodro, na data da sinatura dixital.

A secretaria-interventora *A técnica de xestión contable*

Sandra María García Chenlo *María José Rodríguez Expósito"*

Dáse conta de que a información foi remitida ao Tribunal de Contas en data 06/05/2022 con núm. de Rex. 2022-E-RC-1295.

Asinado electronicamente polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións contrarias a reparos do exercicio 2021.

Incorpórase ao pleno a concelleira do PP María Soledad Boga Grela, antes de dar comenzo ao punto 4.

4. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 1º TRIMESTRE 2022

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Expediente: 2022/G006/000136
Asunto: Dación conta remisión Informes económico-orzamentarios do 1º trimestre 2022
Trámite: Proposta para o Pleno

Dáse conta da remisión de información económico-orzamentaria a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais e Tribunal de Contas:

-Plans Presupostarios a medio prazo (enviado 07/03/2022)

CVD: BdxbUYMmJk60K0loOyOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

-Información tipos impositivos 2022 (enviado o 07/03/2022)
-Período Medio de Pago do 1º trimestre 2022 (enviado o 29/04/2022)
-Informe de execución trimestral do 1º trimestre 2022 (enviado o 29/04/2022)
-Liquidación exercicio 2021 (enviado o 29/04/2022)
-ISPA 2022 (enviado 30/04/2022)
-Contratos ano 2021 (enviado o 31/05/2022)

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados da dación conta remisión informes económico-orzamentarios do 1º trimestre 2022.

5. DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO NO EXERCICIO 2021

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2022/X999/0000032
ASUNTO: INFORME- RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO NO EXERCICIO 2021.
TRÁMITE: INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

Elaborado o informe resumo dos resultados do control interno no exercicio 2021 por parte da Secretaría-intervención municipal asinado en data 06/06/2022 (informe núm. 73/2022), ao abeiro do indicado nos artigos 213 e 218 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, así como no artigo 37 do Real Decreto 424/2017, de 29 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do sector público local, dáse conta do mesmo ao Pleno da Corporación.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados do informe-resumo dos resultados do control interno no exercicio 2021.

6. DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO EXERCICIO 2022

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe

CVD: BdxbUYMmJk60K0loOyOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

literalmente:

"EXPTE: 2022/X999/0000033
ASUNTO: PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2022.

Elaborado o plan anual de control financeiro do exercicio 2022 por parte da Secretaría-intervención municipal asinado en data 06/06/2022, ao abeiro do indicado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como no Real Decreto 424/2017, de 29 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do sector público local, dáse conta do mesmo ao Pleno da Corporación.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados do plan anual de control financeiro 2022.

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DOS DÍAS 25-03-2022, 07-04-2022 E 29-04-2022.

1. Acta do 25-03-2022

Sométese a aprobación a acta da sesión plenaria do 25-03-2022 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 9
1 BNG
3 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 1
0 BNG
1 PP (Valentín Alfonsín Somoza)
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Resultado: Por maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

2. Acta do 07-04-2022

Sométese a aprobación a acta da sesión plenaria do 07-04.2022 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 9
1 BNG
3 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 1
0 BNG
1 PP (María Soledad Boga Grela)
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Por maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

3. Acta do 29-04-2022

Sométese a aprobación a acta da sesión plenaria do 29-04-2022 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
2 PP (Valentín Alfonsín Somoza e José Pablo Carbajal Iglesias)
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Por maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

8. RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 122/2022 DO 08/04/2022 DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, ROIS E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2022

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPEDIENTE: 2022/A006/000008 (relacionado co expediente 2022/A008/0000026)
ASUNTO: RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 122/2022 DO 08/04/2022 DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, ROIS E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2022
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Logo de ver a Resolución da Alcaldía Núm. 122/2022 de data 08/04/2022 pola que se aproba o convenio de colaboración entre os concellos de Padrón, Rois e Dodro para a xestión de servizos compartidos ao abeiro da convocatoria de subvencións para obradoiros duais de emprego 2022

Considerando o punto oitavo da mencionada resolución "Oitavo.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación"
Propoño ao pleno a ratificación do presente ACORDO:

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía Núm. 122/2022 de data 08/04/2022, que a se transcribe como anexo.

SEGUNDO.- Dar traslado ao Concello de Padrón.

Documento asinado electronicamente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís

ANEXO

"EXPEDIENTE: 2022/A006/000008 (relacionado co expediente 2022/A008/0000026)
ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, ROIS E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2022
TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O 8 de marzo do 2022 publícase no Diario Oficial de Galicia número 46 a Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A).

O artigo 3 da Orde do 21 de febreiro de 2022 sinala que os proxectos duais de emprego poden ser promovidos polos concellos e que poderán concorrer agrupacións de concellos como entidades promotoras beneficiarias da subvención.
Logo de ver o texto do Convenio de colaboración entre concellos de Padrón, Rois e Dodro para a xestión de servizos compartidos ao abeiro de convocatoria de subvencións para o servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do proxecto de obradoiros duais de emprego co fin de participar na convocatoria da mencionada subvención.
Logo de ver o informe de secretaría-intervención do 08/04/2022 que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da alcaldía do 08/04/2022 e considerando que ningunha outra administración está a desempeñar a competencia en materia de obradoiros duais de emprego no Concello de Dodro, e que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación.
Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación en atención ao previsto no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pero tendo en conta que o prazo para a solicitude de subvención finaliza o 9 de marzo de 2022 e en atención as competencias atribuídas ao Alcalde nos apartados d) e s) do artigo 21.1 da mesma Lei,

RESOLVO:

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre os Concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida do Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2022, tendo en conta o texto que se transcribe como ANEXO.

Segundo.- Designar a don Antonio Fernández Angueira, alcalde do Concello de Padrón, como representante da agrupación ante a Consellería de Emprego e Igualdade.

Terceiro.- Aprobar o proxecto do Obradoiro de Emprego dos concellos de Dodro, Padrón e Rois denominado: Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2022

Cuarto.- Aprobar a solicitude de subvención, conxuntamente cos concellos de Rois e Padrón, á Consellería de Emprego e Igualdade (Xefatura Territorial de A Coruña), para o financiamento do Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2022, ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 46 do 8 de marzo de 2022), coas seguintes características:

Especialidades solicitadas:

- *Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización: EOCB0209*
- *Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais: SSCS0208*

Nº de alumnos por especialidade: 10
Duración: 12 meses.
Valoración económica solicitada á Consellería de Emprego e Igualdade: 503.987,75€

Quinto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería Emprego e Igualdade.

Sexto.- Aprobar a achega económica de 1.000,00 € do Concello de Dodro ao financiamento do proxecto do Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2022, para os gastos que non sexan subvencionados pola Consellería Emprego e Igualdade.

Sétimo.- Comprometerse a financiar as actuacións contempladas na memoria valorada "Obradoiro Emprego: Actuacións Dodro 2022" de data 07/04/2022, na parte que non sexa subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade, no caso de ser aprobada a especialidade de Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización: EOCB0209.

Oitavo.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ratificación.

Noveno.- Dar traslado da presente resolución ao Concello de Padrón.

Décimo.- Dar Conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL

Documento asinado electronicamente
O alcalde accidental, Ramón Abuín Gómez por Resolución da Alcaldía núm. 117/2022 do 04/04/2022
A secretaria-interventora, que da fe.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLOS PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS:

CONCELLO DE PADRÓN
CONCELLO DE ROIS
CONCELLO DE DODRO

PARA O SERVIZO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMIENTO DO PROXECTO DE OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA SEGUINTE SUBVENCIÓN:
Bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022

No Concello de Padrón, de abril do 2022

REUNIDOS:
Os Sres. Alcaldes dos seguintes concellos:
CONCELLO DE PADRÓN
CONCELLO DE ROIS
CONCELLO DE DODRO

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

E X P O Ñ E N :

1.- Que o actual escenario financeiro e a situación de crise económica para os concellos e en particular para os concellos de Galicia precisa a búsqueda de solucións que permitan prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade, posibilitando á Consellería de Emprego e Igualdade a través da convocatoria de subvencións para a realización, por parte dos concellos de

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dodro, Padrón e Rois, de obradoiros duais de emprego.

2.- Que os Concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades e nos termos establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecendo esta última que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

3.- A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, co fin de poder prestar aos veciños uns servizos de calidade.

4.- Que a Consellería de Emprego e Igualdade ten convocada a Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A), figurando entre as actuacións a formalización dun convenio de colaboración cos Concellos en base ao artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que establece "Os municipios, independentemente ou asociados, prestarán (…) servizos".

5.- Coa finalidade de poñer en marcha a actuación prevista e dar cumprimento aos requisitos esixidos pola Consellería de Emprego e Igualdade os concellos deben cumprir todos os requisitos recollidos na Orde de convocatoria (artigo 3.2) en concreto o seguintes:
"As entidades promotoras deberán ser competentes para a execución das correspondentes obras e servizos e dispoñer da capacidade técnica e de xestión suficiente para a realización dos proxectos"

6.- A competencia enténdese atribuída aos 3 Municipios de acordo ao disposto no artigo 3.3.d) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración, que di que non se entenderá como exercicio de novas competencias "a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención."

7.- O contido mínimo destes instrumentos de colaboración entre administracións está previsto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do procedemento

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

administrativo común, como son os órganos que o celebran, a competencia, o seu financiamento, as actuacións a desenvolver, o prazo de vixencia, causas de extincións, etc.
Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.

8.- A achega económica que de xeito individualizado tería que facer cada Concello, así como os outros medios necesarios para levar a efecto a actuación e a correspondente xestión posterior resultarían antieconómicas e moi gravosas, tanto para os intereses dos municipios afectados, como para a propia Consellería, pois terían que financiarse tantas actuacións como municipios para acadar o mesmo fin, polo que resulta máis eficiente empregar infraestruturas comúns.

9.- Por outra banda, os concellos asinantes carecen de medios financieiros suficientes para executar a actuación e para unha maior eficacia administrativa e en areas dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan proceder ao desenvolvemento da actuación conxunta seguinte Obradoiro dual de empreo Comarca do Sar 2022, polo que tódalas partes asinantes deste documento estiman conveniente para os intereses públicos presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo a Orde do 21 de febreiro de 2022, que terá por obxecto a posta en funcionamento do "Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2022".

Por todo o anterior, e co obxecto de acadar o fin proposto, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:
Primeira.- Obxecto.
Ao amparo do establecido no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 21 de febreiro de 2022, co obxecto de presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo a esta orde os concellos de Dodro, Padrón e Rois acordan solicitar un proxecto conxunto, denominado Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2022, que terá por obxecto a formación das persoas desempregadas que resulten seleccionadas en dúas especialidades:

- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización: EOCB0209
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (FFCF0208)

Acordando os concellos asinantes do presente convenio designar como representante e aos efectos de presentación da solicitude, tramitación dos expediente de contratación e selección de persoal que resulten necesarios, xustificación do proxecto e demais obrigas impostas polas normas reguladoras ao Concello de Padrón. Con tal fin, os municipios asociados efectuarán a favor do

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

representante os pertinentes acordos de delegación para a realización das actuacións obxecto deste convenio.

Segunda.- Finalidade.
*O presente acordo ten por finalidade establecer o réxime de organización e funcionamento asociado do obradoiro de emprego dual "**Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2022"***

Terceira.- Principios básicos da actuación.
*A realización das actuacións asociadas ao abeiro do proxecto denominado **Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2022** baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración, e ten como finalidade acadar os seguintes obxectivos:*

- *Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.*
- *Proceder a unha distribución efectiva dos recursos dispoñibles para dar resposta as necesidades da poboación mediante unha adecuada planificación previa.*
- *Minorar custos individuais en favor dos colectivos.*

Cuarta.- Ámbito de aplicación.
O ámbito territorial da prestación asociada do Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2022, é a totalidade dos termos municipais de Padrón, Dodro e Rois.

Quinta.- Sede do servizo.
A sede do obradoiro de emprego será compartida polos tres concellos.

Sexta.- Coordinación do servizo.
A coordinación asociada do Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2022, corresponde os Concellos de Padrón, Dodro e Rois.

Sétima.- Dirección do Servizo.
A dirección política e administrativa do obradoiro de emprego corresponderá aos Alcaldes de Padrón, Dodro e Rois que asumirán conxuntamente a xefatura do mesmo.

Oitava.- Xestión administrativa do servizo.
A xestión administrativa será desenvolta polo concello de Padrón, referíndose esta a todo o relacionado co persoal, contratación administrativa, xestión de axudas, xestión ordinaria, etc. sen que elo supoña menoscabo das competencias de cada Alcalde.
Poderase realizar un regulamento de réxime interno de funcionamento.

Novena.- Obrigas normativas.
Os concellos deberán modificar ou aprobar, no seu caso, as ordenanzas e regulamentos que poidan afectar ao funcionamento do servizo previa aprobación

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

pola comisión de seguimento.

Décima.- Medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo.
Os concellos de Padrón, Dodro e Rois poñerán todos os medios materiais, patrimoniais e persoais necesarios para levar a cabo o Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2022.

Décimo primeira.- Financiamento do servizo.
O servizo será financiado pola subvención que no seu día se conceda pola Consellería de Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A), e as achegas que realicen os Concellos que se concretan no seguinte:
Concello de Padrón
Dispoñibilidade de locais para o desenvolvemento das actuacións e medios materiais, valorados en 14.000,00 euros
Achega económica de 3.500 €
Concello de Dodro
Achega económica de 1.000,00 €
Concello de Rois
Achega económica de 2.000 €

Décimo segunda.- Comisión de Seguimento.
Para o desenvolvemento do presente acordo constitúese unha comisión de seguimento para o seguimento das obrigas que adoptará as medidas oportunas, da que formarán parte o Alcalde e outro representante de cada concello.

Décimo terceira.- Vixencia.
O presente acordo terá unha vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023 prazo máximo de xustificación segundo Orde do 21 de febreiro de 2022.

Décimo cuarta.- Resolución.
Será motivo de rescisión do presente convenio calquera das seguintes causas:

1. *Por finalizar o período de duración establecido no convenio ou calquera das súas prórrogas.*
2. *O mutuo acordo entre ambas as dúas partes.*
3. *A non concesión da axuda para a posta en marcha do servizo.*

Décima quinta.- Xurisdición competente.
Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio, serán coñecidos pola comisión de seguimento que se menciona na cláusula décimo segunda; no caso de que non se chegue a acordo, as discrepancias litixiosas sustanciaranse na orde xurisdicional contencioso-administrativo.
En proba de conformidade e para a debida constancia asínase o presente convenio polas partes comparecentes por triplicado exemplar, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O alcalde accidental de Dodro Resolución da Alcaldía núm. 117/2022 do 04/04/2022 *Ramón Abuín Gómez* *"*	*O alcalde de Padrón* *Antonio Fernández Angueira*	*O alcalde de Rois* *Ramón Tojo Lens*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"É unha Resolución da Alcaldía que se tomou debido a premura para poder asinar o convenio cos Concellos de Rois e Padrón para solicitar o obradoiro de emprego para o ano 2022. Tráese ao pleno para aprobación no seu caso.*
Un turno a todas as portavecias."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do Partido Popular: *"Pois nada que dicir ao respecto, imos votar a favor."*

Ramón Abuín, voceiro do PSdG-PSOE: *"Nada. Ratificar a Resolución e nada mais."*

Abel Tarrío, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Boa tarde. Explicar mais en detalle o que consiste este obradoiro, é unha solicitude de subvención para obradoiro de emprego do Sar 2022 de Padrón, Rois e Dodro que vai xestionar directamente o Concello de Padrón. Que solicita dúas especialidades:*
- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais
O número de alumnos por especialidade son 10, o sexa serán 20 alumnos e terá unha duración de doce meses; cunha aportación económica para o Concello de Dodro de 1.000 euros, o Concello de Rois creo que pon 2.000 e o de Padrón algún mais, creo que 3.000 e pico, unha cantidade pequena e o convenio vai na línea de colaboración entre institucións para proxectos que interesa para os veciños de Dodro e este é un deles, polo tanto, o voto de Unidade Veciñal vai ser a favor."

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: *"Nós dende o BNG tamén imos a votar a ratificación".*

Procédese á votación
Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
4 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

9. SOLICITUDE COMPATIBILIDADE OLALLA RODRÍGUEZ BLANCO

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe

"EXPEDIENTE: 2022/E005/000001
ASUNTO: SOLICITUDE COMPATIBILIDADE TRABALLADORA CONCELLO
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o escrito de dona Olalla Rodríguez Blanco de data 31/05/2022 (R.E. 202299900000457) polo que solicita que se recoñeza a compatibilidade do posto de traballo neste Concello como técnica de apoio do Programa Integrado de Emprego co exercicio da actividade profesional privada por conta propia como avogada.

Realizada a tramitación legalmente establecida, e logo de ver o informe de Secretaría-intervención e mais o informe do responsable do departamento, Concelleiro de Educación, Deportes e Emprego, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

*PRIMEIRO. Recoñecer á traballadora deste Concello Olalla Rodríguez Blanco, con DNI ***738***, que presta servizos como persoal laboral temporal, no posto de técnica de apoio do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2021/2022, a compatibilidade co exercicio da actividade de avogada por conta propia solicitada, por entender que se cumpren os requisitos requiridos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (LI).*

SEGUNDO. Lembrar a necesidade de cumprimento das limitacións legalmente establecidas, e que se enumeran a seguir, durante todo o tempo que dure a prestación de servizos públicos:

1.- O exercicio do cargo, profesión ou actividade privada, autorizada, non poderá impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a súa imparcialidade ou independencia (art. 1.3 LI).
2.- Non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva no departamento (art. 11 LI).
3.- Que o desempeño da actividade privada cuxa compatibilidade se solicita non se relacione directamente coas que desempeñe no concello de Dodro nin de lugar á intervención en asuntos nos que estea intervindo, interviñera ou teña que intervir por razón do posto público (art. 12 LI).
4.- O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario da interesada e quedará automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto no sector público (art. 14 LI).

TERCEIRO.- Inscribir o Acordo do Pleno polo que se recoñece a dita compatibilidade para o exercicio de actividades privadas no Rexistro de Persoal do Concello.

CUARTO.- Notificar o acordo adoptado á interesada.

Dodro, documento asinado electronicamente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís."

O Alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Unha proposta da alcaldía en relación á solicitude a favor da traballadora Olalla Rodríguez Blanco que presta servizos como persoal temporal laboral no posto como técnica de apoio do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro de 2021-2022, que solicita a compatibilidade co exercicio da actividade de avogada por conta propia. E a parte de outras consideracións aquí expostas no informe, nós propoñemos a aprobación evidentemente e a concesión da compatibilidade a esta traballadora.*

Voulle dar un turno a cada portavoz. Se teñen algo que dicir, por favor"

Valentín Alfonsín, voceiro do PP: *"No. En principio non temos nada que dicir."*

Ramón Abuín, voceiro do PSdeG-PSOE: *"O PSdeG está a favor da compatibilidade".*

Abel Tarrío, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Nada. Non se veu alterado o seu horario nin nas súas funcións, e no informe de secretaría conclúe que a compatibilidade solicitada axustase a normativa, polo tanto, nada a Unidade Veciñal vai votar a favor."*

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: *" Si, nós tamén vamos a votar a favor".*

Procédese á votación.

Votacións:

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Votos a favor: 10
1 BNG
4 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

10. MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO DA "CARRETERA DE IMO" POR "RÚA MONCHO REBOIRAS" CONFORME AO ARTIGO 16.2 DO REGULAMENTO ESPECIAL PARA A CONCESIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE DODRO.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe:

"EXPEDIENTE: 2022/X999/000028
ASUNTO: MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO DA "CARRETERA DE IMO" POR "RÚA MONCHO REBOIRAS" CONFORME AO ARTIGO 16.2 DO REGULAMENTO ESPECIAL PARA A CONCESIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE DODRO.
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO DA CORPORACIÓN

Na exposición de motivos do Regulamento especial para a concesión de honras e distincións do Concello de Dodro publicado no BOP núm. 120 do 29/06/2021 explícase a posibilidade da concesión de honras e distincións a quen teña contribuído ao coñecemento e bo nome do Concello de Dodro ou a quen teñan prestado servizos destacados, desenvolvido unha importante carreira ou acadado logros merecedores de ser recordados, que repercutan en beneficio da comunidade veciñal ou da sociedade en xeral, en calquera eido, social, político, cultural, científico, artístico, deportivo, etc, sendo esa unha maneira de saldar a débeda que ten o Concello, e a propia sociedade, con esas persoas e institucións,

CVD: BdxbUYMmJk60K0loOyOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

agradecendo publicamente, e para a posteridade, os méritos que os fixeron acredores de tal recoñecemento.

Considerando que concorren as anteriores cualidades en don Xosé Ramón Reboiras Noia, por Resolución da Alcaldía núm. 186/2022 de 01 de xuño de 2022: "PRIMEIRO. Iniciar o expediente para a modificación do nomeamento da "Carretera de Imo" por "Rúa Moncho Reboiras", sobre a base da exposición recollida na proposta da concellería de servizos sociais e benestar; Nomear como órgano instrutor do procedemento para acreditar os méritos que concorran na persoa proposta a don Xoán Bautista Mariño Abuín, e tendo en conta o establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; O instrutor do expediente practicará cantas dilixencias estime necesarias e rematada a función informativa, formulará a súa proposta que será dirixida á Alcaldía, para que, oída a Xunta de Voceiros, se remita, no seu caso, proposta con todo o actuado, ao Pleno do Concello a fin da adopción do acordo correspondente; Comunicar ao Instrutor o nomeamento habilitándoo para que realice todas as actuacións necesarias previstas no Regulamento; Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se realice".

O instrutor do expediente emite informe proposta en data 03/06/2022 que literalmente indica:

A Resolución da Alcaldía núm. 186/2022 de 06 de xuño resolveu iniciar o expediente para a modificación do nomeamento da "Carretera de Imo" por "Rúa Moncho Reboiras", sobre a base da exposición recollida na proposta da concellería de servizos sociais e benestar.

Así mesmo acordou nomear como órgano instrutor do procedemento para acreditar os méritos que concorran na persoa proposta a don Xoan Bautista Mariño Abuín, indicando que se debían practicar cantas dilixencias estimase necesarias e, rematada a función informativa, formular a proposta que sería dirixida á Alcaldía, para que, oída a Xunta de Voceiros, se remitise, no seu caso, proposta con todo o actuado, ao Pleno do Concello a fin da adopción do acordo correspondente.

Indica o artigo 16.2 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Dodro que "No caso de que a designación dos espazos públicos constitúa unha homenaxe a persoas, institucións, símbolos ou feitos singularizados, deberá redactarse unha memoria acreditativa dos méritos que xustifiquen esa distinción e seguirse de xeito completo o procedemento establecido no Capítulo V".

Para o cambio de nome "CARRETERA DE IMO" por "RÚA MONCHO REBOIRAS", a fin do este instrutor, Xoán Bautista Mariño Abuín, practicadas as dilixencias oportunas, pescudas, consultas entre a familia, veciñanza, sindicatos, fundación e formacións políticas para acreditar os méritos concorrentes para a proposta de cambio de nome arriba sinalado, estima oportuno sinalar as consideracións seguintes nesta Memoria Xustificativa:

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Biografía resumida

Xosé Ramón Reboiras Noia naceu o 26 de xaneiro de 1950 na aldea de Imo, parroquia de san Xoán Bautista de Laíño, concello de Dodro. A familia labrega como tantas da na nosa patria, tivo que trasladarse á cidade de Vigo buscando mellores condicións de vida.
Alá mentres o pai traballaba embarcado, Pepe como o coñecía a familia, despois da escola básica na súa aldea natal, estudou bacharelato e fixo estudos universitarios de enxeñería técnica industrial en Vigo, atendeu no bar Noia da súa familia en Teis e mesmo traballou, mentres estudaba, un pequeno tempo na construción.

Toma conciencia da opresión nacional de Galiza co asoballamento do seu pobo, co baixo nivel de vida do agro, coa super explotación, co conflito lingüístico...

Titúlase na Escola de Enxeñería Industrial de Vigo con boas notas. Xosé Ramón destaca no ambiente estudantil pola súa seriedade profesional, compañeirismo e simpatía desenvolvendo un papel moi activo nas reivindicacións do Estudantado naqueles anos e na defensa da cultura e dos intereses do pobo galego. Na revista "Des...tornillo" da escola de enxeñería publicou co seudónimo "quen sabe" o poema "BERRA NON". Forma parte do grupo cultural "O Castro" que aborda, dentro das dificultades daquel tempo, o problema lingüístico e nacional de Galiza. E no ano 1969 ingresa como militante na Unión do Pobo Galego, UPG.

Rematada a carreira, é bolseiro pola Escola de Enxeñería Industrial de Vigo para facer un traballo de especialización en "Estaleiros Barreras". Conecta co mundo obreiro baixo a explotación capitalista na época franquista. Xosé Ramón estuda a fondo os mecanismos utilizados pola patronal, así como o xeito de combatelos. Neste tempo, 1972, ten lugar a Folga de Setembro e Moncho xoga nela un gran papel revolucionario, tanto de combate como de organizador. Por isto perde a bolsa pero entrégase de cheo á loita pola liberación de Galiza, traballando en "Álvarez" de Vigo, tendo que deixalo por razóns de saúde.

Trasladase a Coruña entrando como obreiro na cadro de persoal de "Intelsa" e máis tarde a Ferrol onde traballa nunha empresa auxiliar de "Astano".

Moncho procede por este tempo, por encargo da UPG, a organizar o importante e revulsivo Frente Cultural Galego. Por primeira vez existiu unha Coordenadora efectiva entre a maioría das Asociacións Culturais de Galiza que edita "O Irmandiño" voceiro do Frente Cultural.
Polas mesmas datas, anos 73 e 74 é un dos organizadores dos xermes sindicais. Promoveu o boicot ás eleccións do Sindicato Vertical en 1974, campaña que serviu tamén para o lanzamento do SOG (Sindicato Obreiro Galego) que, coa UTEG (Unión de Traballadores do Ensino de Galicia) xa constituída, conformou en pouco tempo a Intersindical Galega, predecesora da actual Confederación Intersindical Galega, a CIG. É a alma do grupo da Coruña que arredor do voceiro "Xerme" abre daquela o camiño cara un sindicalismo especificamente galego.

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Moncho, membro do Comité Central e do Comité Executivo da UPG, convértese nun dos artífices do que a UPG comenza a ser desde o 1972: unha organización proletaria que tendo como guía da sua acción o marxismo -leninismo, é o motor do movemento nacionalista galego. A realidade actual do nacionalismo é froito do traballo heroico destes anos.
As súas cualidades organizativas fan que participe dentro da liña política acordada pola UPG, nun grupo dedicado a dotar de infraestrutura loxística ao partido, con accións propias desde a clandestinidade fronte a un estado fascista.

Atopándose en Ferrol, onde se estaba organizando a UPG, a Brigada Político Social (BPS) establece na noite do 11 de agosto do 1975 un control na zona de Canido. Ás 2 da mañá numerosos efectivos da BPS, acompañados de máis de 300 axentes da Policía Armada acordoaron o edificio onde se atopaba con 2 militantes máis, Elvira Souto e Lois Ríos, que grazas á intervención de Moncho Reboiras lograron fuxir.
Reboiras sae á rúa e o operativo despregado disque lle dan o alto e "fan tres disparos ao aire" que lle dan nas costas e un perfóralle unha arteria, provocándolle -segundo a autopsia- unha anemia aguda e fulminante que foi a causa da morte. Aínda lle deu tempo para chegar ao portal da rúa da Terra onde se agochou e finou. A partir dese momento desátase un amplo operativo en toda Galiza coa detención de varios militantes nacionalistas da UPG e o exilio ao Portugal onde xa trunfara a Revolución dos Cravos en Abril do 1974.
O seu asasinato tronza moi cedo a traxectoria vital por ser un militante nacionalista galego dirixente da UPG, hoxe integrada no Bloque Nacionalista Galego, BNG.

O corpo de Xosé Ramón Reboiras Noia foi velado na casa da familia de Lola de Loureiro ao pé da estrada AC-350 da súa aldea de Imo para ser enterrado no cemiterio parroquial, onde repousan os seus restos mortais.

Homenaxes

Desde aquela recibe todos os anos distintas homenaxes e actos políticos por parte de nacionalistas e movementos sindicais galegos no camposanto, na aldea e na rúa da Terra (Ferrol) onde o asasinaron.

En maio de 2004 a CIG constitúe a fundación de interese galego: Fundación Moncho Reboiras.

No 2012 o concello de Culleredo dedícalle unha rúa.

A aldea de Imo foi o lugar escollido para a pre estrea do 1º documental Moncho Reboiras. Acción e Corazón de Alberte Mera, sobre a súa figura no verán de 2020, desbordando todas as previsións do Concello de Dodro organizador da proxección pese á pandemia do COVI-19.

Reparación histórica

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Seu irmán e súa nai inician os trámites e petición de recoñecemento de vítima do franquismo. O deputado nacionalista no Congreso dos Deputados, Francisco Rodriguez do BNG, participa na elaboración no 2009 nese recoñecemento de vítima do franquismo Lei 52/2007 do 26 de decembro, mediante a cal a democracia española honra aos que padeceron inxustamente persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura. O daquela Ministro do Interior Francisco Caamaño entrégalle á familia de Xosé Ramón Reboiras Noia, por ser defensor do movemento sindical, militante nacionalista galego, perseguido e asasinado ilexitimamente a DECLARACIÓN DE REPARACIÓN E RECOÑECEMENTO PERSOAL.

Polo que considerando que se seguiron os trámites previstos no artigo 20 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Dodro (BOP núm. 120 do 29/06/2021) e en exercicio das facultades outorgadas polo apartado 4 do citado artigo 20,

PROPOÑO Á ALCALDÍA:
Que se efectúe proposta ao Pleno municipal de renomeamento de CARRETERA DE IMO por RÚA MONCHO REBOIRAS, polos méritos e circunstancias singulares que nel concorren e arriba expostos.

Dodro, documento asinado dixitalmente á marxe
O instrutor do expediente
Xoan Bautista Mariño Abuín"

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Dodro (BOP núm. 120 do 29/06/2021), e oídos os voceiros dos grupos municipais, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL a adopción do seguinte ACORDO por unanimidade ou maioría absoluta:

PRIMEIRO.- Modificar o nomeamento da "Carretera de Imo" por "Rúa Moncho Reboiras", á vista do informe-proposta do instrutor do expediente.

SEGUNDO.- Notificar aos familiares ou persoas máis achegadas que se coñezan o presente acordo.

Dodro, documento asinado dixitalmente á marxe
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"É unha proposta de acordo do pleno da Deputación, como me corresponde polo regulamento e a petición do Bloque Nacionalista Galego do seu portavoz Sr. Xoán Bautista Mariño, acordamos ou propoñemos, e unha vez oídas aos portavoces, porque a xunta de portavoces non*

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

está constituída como tal, gustaríame que fose doutra maneira, o portavoz do PP incluso explicará tamén, manifestou a esta Alcaldía a súa alegación a este acordo, en todo caso, entendo que o portavoz do Bloque Nacionalista Galego como instrutor de acordo co regulamento de honras do Concello de Dodro proceda explicar porque vamos chegar a este acordo".

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: "*Si. Moitas grazas,paso a ler o que xa todo o mundo coñece, os integrantes de este pleno o que é unha memoria xustificativa resumido, unha biografía resumida, que paso a ler seguidamente:*

Xosé Ramón Reboiras Noia naceu o 26 de xaneiro de 1950 na aldea de Imo, parroquia de san Xoán Bautista de Laíño, concello de Dodro. A familia labrega como tantas da na nosa patria, tivo que trasladarse á cidade de Vigo buscando mellores condicións de vida.
Alá mentres o pai traballaba embarcado, Pepe como o coñecía a familia, despois da escola básica na súa aldea natal, estudou bacharelato e fixo estudos universitarios de enxeñería técnica industrial en Vigo, atendeu no bar Noia da súa familia en Teis e mesmo traballou, mentres estudaba, un pequeno tempo na construción.

Toma conciencia da opresión nacional de Galiza co asoballamento do seu pobo, co baixo nivel de vida do agro, coa super explotación, co conflito lingüístico...

Titúlase na Escola de Enxeñería Industrial de Vigo con boas notas. Xosé Ramón destaca no ambiente estudantil pola súa seriedade profesional, compañeirismo e simpatía desenvolvendo un papel moi activo nas reivindicacións do Estudantado naqueles anos e na defensa da cultura e dos intereses do pobo galego. Na revista "Destornillo" da escola de enxeñería publicou co seudónimo "quen sabe" o poema "BERRA NON". Forma parte do grupo cultural "O Castro" que aborda, dentro das dificultades daquel tempo, o problema lingüístico e nacional de Galiza. E no ano 1969 ingresa como militante na Unión do Pobo Galego, UPG.

Rematada a carreira, é bolseiro pola Escola de Enxeñería Industrial de Vigo para facer un traballo de especialización en "Estaleiros Barreras". Conecta co mundo obreiro baixo a explotación capitalista na época franquista. Xosé Ramón estuda a fondo os mecanismos utilizados pola patronal, así como o xeito de combatelos. Neste tempo, 1972, ten lugar a Folga de Setembro e Moncho xoga nela un gran papel revolucionario, tanto de combate como de organizador. Por isto perde a bolsa pero entrégase de cheo á loita pola liberación de Galiza, traballando en "Álvarez" de Vigo, tendo que deixalo por razóns de saúde.

Trasladase a Coruña entrando como obreiro na cadro de persoal de "Intelsa" e máis tarde a Ferrol onde traballa nunha empresa auxiliar de "Astano".

Moncho procede por este tempo, por encargo da UPG, a organizar o importante e revulsivo Frente Cultural Galego. Por primeira vez existiu unha Coordenadora efectiva entre a maioría das Asociacións Culturais de Galiza que edita "O Irmandiño" voceiro do Frente Cultural.

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Polas mesmas datas, anos 73 e 74 é un dos organizadores dos xermes sindicais. Promoveu o boicot ás eleccións do Sindicato Vertical en 1974, campaña que serviu tamén para o lanzamento do SOG (Sindicato Obreiro Galego) que, coa UTEG (Unión de Traballadores do Ensino de Galicia) xa constituída, conformou en pouco tempo a Intersindical Galega, predecesora da actual Confederación Intersindical Galega, a CIG. É a alma do grupo da Coruña que arredor do voceiro "Xerme" abre daquela o camiño cara un sindicalismo especificamente galego.

Moncho, membro do Comité Central e do Comité Executivo da UPG, convértese nun dos artífices do que a UPG comenza a ser desde o 1972: unha organización proletaria que tendo como guía da sua acción o marxismo -leninismo, é o motor do movemento nacionalista galego. A realidade actual do nacionalismo é froito do traballo heroico destes anos.
As súas cualidades organizativas fan que participe dentro da liña política acordada pola UPG, nun grupo dedicado a dotar de infraestrutura loxística ao partido, con accións propias desde a clandestinidade fronte a un estado fascista.

Atopándose en Ferrol, onde se estaba organizando a UPG, a Brigada Político Social (BPS) establece na noite do 11 de agosto do 1975 un control na zona de Canido. Ás 2 da mañá numerosos efectivos da BPS, acompañados de máis de 300 axentes da Policía Armada acordoaron o edificio onde se atopaba con 2 militantes máis, Elvira Souto e Lois Ríos, que grazas á intervención de Moncho Reboiras lograron fuxir.
Reboiras sae á rúa e o operativo despregado disque lle dan o alto e "fan tres disparos ao aire" que lle dan nas costas e un perfóralle unha arteria, provocándolle -segundo a autopsia- unha anemia aguda e fulminante que foi a causa da morte. Aínda lle deu tempo para chegar ao portal da rúa da Terra onde se agochou e finou. A partir dese momento desátase un amplo operativo en toda Galiza coa detención de varios militantes nacionalistas da UPG e o exilio ao Portugal onde xa trunfara a Revolución dos Cravos en Abril do 1974.
O seu asasinato tronza moi cedo a traxectoria vital por ser un militante nacionalista galego dirixente da UPG, hoxe integrada no Bloque Nacionalista Galego, BNG.

O corpo de Xosé Ramón Reboiras Noia foi velado na casa da familia de Lola de Loureiro ao pé da estrada AC-350 da súa aldea de Imo para ser enterrado no cemiterio parroquial, onde repousan os seus restos mortais.

Homenaxes

Desde aquela recibe todos os anos distintas homenaxes e actos políticos por parte de nacionalistas e movementos sindicais galegos no camposanto, na aldea e na rúa da Terra (Ferrol) onde o asasinaron.

En maio de 2004 a CIG constitúe a fundación de interese galego: Fundación Moncho Reboiras.

No 2012 o concello de Culleredo dedícalle unha rúa.

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A aldea de Imo foi o lugar escollido para a pre estrea do 1º documental Moncho Reboiras. Acción e Corazón de Alberte Mera, sobre a súa figura no verán de 2020, desbordando todas as previsións do Concello de Dodro organizador da proxección pese á pandemia do COVI-19.

Reparación histórica

Seu irmán e súa nai inician os trámites e petición de recoñecemento de vítima do franquismo. O deputado nacionalista no Congreso dos Deputados, Francisco Rodriguez do BNG, participa na elaboración no 2009 nese recoñecemento de vítima do franquismo Lei 52/2007 do 26 de decembro, mediante a cal a democracia española honra aos que padeceron inxustamente persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura. O daquela Ministro do Interior Francisco Caamaño entrégalle á familia de Xosé Ramón Reboiras Noia, por ser defensor do movemento sindical, militante nacionalista galego, perseguido e asasinado ilexitimamente a DECLARACIÓN DE REPARACIÓN E RECOÑECEMENTO PERSOAL.

Polo que considerando que se seguiron os trámites previstos no artigo 20 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Dodro (BOP núm. 120 do 29/06/2021) e en exercicio das facultades outorgadas polo apartado 4 do citado artigo 20,

PROPOÑO Á ALCALDÍA:
Que se efectúe proposta ao Pleno municipal de renomeamento de CARRETERA DE IMO por RÚA MONCHO REBOIRAS, polos méritos e circunstancias singulares que nel concorren e arriba expostos.
Nada mais".

O alcalde Francisco Xavier Castro: *"Moitas gracias. Remata a exposición do concelleiro do BNG, para o coñecemento para o pleno da corporación do acordo. Propoño ao pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo por unanimidade ou maioría absoluta.*
Primeiro: modificar o nomeamento da carretera de Imo por Rúa de Moncho Reboiras á vista do informe-proposta do instrutor do expediente e
Segundo: notificar aos familiares ou persoas mais achegadas que o coñezan, o presente acordo.
E unha vez coñecido o porque e o acordo vou a dar un turno a cada portavoz.
Portavoz do partido popular, por favor".

Valentín Alfonsín, voceiro do PP: *"Boas tardes. En primeiro lugar dende o Partido Popular de Dodro queremos manifestar a nosa repulsa a actuación das forzas policiais que causaron a morte de Moncho Reboiras.*
Nós non consideramos que a figura de Moncho Reboiras sexa a máis axeitada para nomear unha rúa no Concello de Dodro, nin existe un respaldo da veciñanza a esta proposta.

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nin a súa morte nin a súa traxectoria tivo a trascendencia para a nosa veciñanza e Galicia que se espera nesta proposta do BNG, a súa vinculación coa loita armada, ao contrario moitas outras persoas que defenderon os seus ideais políticos, na nosa opinión supón traspasar un liña que nunca debe ocorrer .
Que Moncho Reboiras sexa para o BNG e UPG un exemplo a seguir, non o convirte nun exemplo para a veciñanza de Dodro nin de Galicia."

Ramón Abuín, voceiro de PSdG-PSOE: *"Como ben indica o instrutor do procedemento, Moncho Reboiras naceu en Imo, neste concello de Dodro, fixo estudos universitarios, promoveu a formación do Sindicato Obreiro Galego, que conformou a Intersindical Galega predecesora da actual CIG, foi dirixente da UPG loitando desde a clandestinidade fronte a un estado fascista.*
Foi asasinado en Ferrol e velado nunha casa da súa familia no lugar de Imo, ao pé da rúa que vai levar o seu nome "Rúa Moncho Reboiras", e soterrado no cemiterio parroquial.
Desde a súa morte, todos os anos recibe distintas homenaxes por parte de nacionalistas movementos sindicais galegos, na súa terra e noutros lugares.
Nos concellos de Culleredo e Corcubión dedicáronlle cadansúa rúa e consideramos que en Dodro, o seu lugar de nacemento e onde repousan os seus restos, non deberá ser menos, polo que consideramos acaída tal denominación.
Foi recoñecido como vítima do franquismo polo Congreso dos Deputados, por padecer inxustamente persecución ou violencia durante a Ditadura, e a súa familia recibiu do Ministro socialista Francisco Caamaño, a Declaración de Reparación e Recoñecemento Persoal, por ser defensor do movemento sindical, militante nacionalista galego, perseguido e asasinado ilexitimamente.
Con respecto á postura do Partido Popular de Dodro, que segundo eles non reúne as condicións necesarias para tal recoñecemento, por ir contra do réxime franquista e ditatorial, na que, curiosamente, figuraba un ministro que anos máis tarde, logo chegaba da democracia, e despois que moitas persoas dunha ou doutra forma loitaran por ela, fundou o Partido Popular ao que representan.
E, loxicamente, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE vai votar a favor desta proposta".

Xoán Xosé Vicente, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Temos o día de hoxe unha oportunidade histórica de resarcir institucionalmente a unha persoa inxustamente tratada neste Concello, debido á propaganda do réxime franquista que nunca deixou de latexar, e aínda parece que latexa, segundo temos escoitado aquí.*
O nomeamento de Moncho Reboiras a esta rúa que atravesa aldea de Imo dun lado a outro, é esa reparación necesaria dunha persoa que se lle recoñeceu no 2009 polo "Ministerio de Justicia" en cumprimento da "Lei da Memoria Histórica" a condición oficial de vítima da ditadura, como se dixo aquí antes.
Un ano despois, no 2010, e xa coa condición de vítima da ditadura, unha comisión homenaxeou a Reboiras no cemiterio de Imo e na Cruz de Avelán polo 35 aniversario do seu asasinato, cunha gran afluencia de persoas entre as que se encontraban familiares, amigos e veciños.
Moncho Reboiras únese a partir de hoxe a esas figuras imprescindibles na historia dos seus respectivos concellos, e que perduran nas súas rúas e nas súas prazas

CVD: BdxbUYMmJk60K0loOyOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

como antes o fixeron tamén outros como Anxel Casal en Compostela ou Alexandre Bóveda en Poio.
Pepe, o fillo do señor José e señora Generosa que viviron na aldea de Imo onde aínda agora os veciños se lembran deles, da súa casa, das festas da aldea que tanto lle gustaban, do seu velatorio na casa de Lola de Loureiro vixiado pola Garda Civil...
O activismo de Pepe, Xosé Ramón Reboiras, foi extraordinario, representativo dunha xeración entregada á loita contra a ditadura franquista e unha Galicia soberana. Fundamental para a maduración dun nacionalismo político que malia a súa reducida dimensión daquela, tomaría a decisión de crear un sindicato galego de clase, así como unha organización política de masas. Esta última sería a Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG) e o primeiro o Sindicato Obreiro Galego (SOG).
Foi nas mobilizacións obreiras do 1972 de Ferrol e Vigo onde Reboiras toma consciencia, despois de pasar pola Asociación Cultural O Castro do padre Seixas e da militancia na UPG, do problema da represión da clase obreira e decide dar un paso adiante para a creación de diversos medios de loita contra a represión do réxime franquista, sobre todo contidos de liñas editoriais de dosieres informativos arredor do contexto de represión.
E estamos falando dos derradeiros anos da ditadura do xeneral Franco, no que a represión exercida contra os movementos sindicais era brutal como demostra o asasinato en Ferrol de Daniel Niebla e Amador Rei durante as folgas do ano 72.
Foi polo tanto a corta militancia de Moncho, un exemplo de persoa comprometida coas clases populares, que nos deixou ferramentas tanto no plano cultural como sindical e político de extraordinaria valía.
Son Corcubión e Culleredo dous pobos que xa teñen honrado a Reboiras agora e a vez do seu concello, Dodro, quen ten a honra de nomear unha rúa co seu nome. Unha rúa que a diferencia das outras dúas seguramente porque percorreu moitas veces durante a súa vida en Imo.
A semente volve agromar unha vez máis.
A Unidade Veciñal de Dodro vai apoiar esta proposta".

O Alcalde, Francisco Xavier Castro Tourís: "*Portavoz o Bloque Nacionalista Galego, se quere facer uso da palabra".*

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: *"Si, intentarei ser breve. Primeiro agradecer aos portavoces que apoian esta proposta que me tocou a min indagar. Grazas tamén ao Regulamento Especial para honras que dispón agora o Concello de Dodro podemos traer a este pleno asuntos enmarcados cunha lexislación, nunca antes o PP se preocupou de tela.*
Ao PP dicirlle por parte deste concelleiro instrutor, que lamenta profundamente non terse sumado desde o primeiro momento á proposta. Fai pensar en que seguen adorando ao franquismo, con ideas como a do seu voceiro que lle gustaría cambiar a lei para permitir o uso de armas (marzo de 2019). E se fora seu irmán o asasinado en vez de Moncho Reboiras? Ao PP só a democracia lles serve para colocarse e para usala no seu beneficio.
A cidadanía de Dodro ve aos tres grupos políticos como o mandato tranquilo que esperaban. Son distintas opcións políticas si, pero un só goberno como

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

comprobaron outra vez.
Agradecer tamén, como non, o apoio á familia, especialmente a Manolo; á UPG, á Fundación Moncho Reboiras, á CIG, ao BNG e ao BNG de Dodro e a cantas persoas e institucións me dirixín para conseguir os datos da Memoria Explicativa que aparecen resumidos no Informe-Proposta.
A nosa historia non é un cómic que se estuda nos centros de ensino é o sentir do pobo, do pobo galego, polo que loitou Reboiras. Nós desde as institucións como a deste plenario, temos a obriga de facer tamén pedagoxía e recordarlle á cidadanía de onde vimos para saber a onde queremos ir. E con estes actos formamos, dignificamos aos nosos antepasados, como outras culturas e crenzas, que tamén honran dalgún xeito aos seus defuntos.
Ter unha rúa en Imo sen nome, como si a ten Fortunato Cruces en Lestrobe, acábase hoxe, pois o Concello de Dodro iniciou os trámites que desenvolverá a nova denominación: Rúa Moncho Reboiras.
Persoalmente penso na toponimia para preservar o nome dos sitios que nos deixaron e antes pisaron as que nos precederon, pero, no caso de hoxe, desde A Porteliña ao Muronovo non hai topónimo que abarque tano coma o de "Rúa Moncho Reboiras". Pois por alí andou Pepe o de Loureiro, de pequeno, e algo de mozo. E desde alí saíu desde a casa de Lola de Loureiro o seu corpo asasinado no Ferrol polos fascistas, como recoñece a democracia do Estado. E saíu para o cemiterio tamén da súa aldea de Imo.
Acabo dicindo, oxalá sirva este humilde recoñecemento para concienciar ás futuras xeracións. Que se sigan facendo preguntas sobre quen foi o seu veciño asasinado. Para que nunca máis¡ volvamos a sufrir o fascismo. As mulleres e homes nacionalistas do BNG, e resto de Galiza, nunca saberemos ata canto lle debemos ás persoas que foron perseguidas polo franquismo no país e tamén ás de Dodro, nomeadamente a Xosé Ramón Reboiras Noia, Pepe de Loureiro. Nada máis"
O BNG vota a favor.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas.Eu antes de pasar a votación tiña que dicir algo, porque que o portavoz do Partido Popular se sume á teoría de que Moncho Reboiras tiña vinculación coa loita armada, parece que é un argumento que usou no seu momento o réxime franquista, o cal non acae nada ben nos mundos en que andamos.*
E segundo, tamén di que este nomeamento non ten o respaldo da veciñanza, recórdolle e me parece que á vista está, os representantes dos partidos políticos aquí sentados temos o respaldo da veciñanza por eso estamos gobernando este concello , polo tanto, somos tantos representantes da veciñanza do Concello de Dodro ou máis ca vostede, entón parece ser que si, que vai a ter o respaldo da veciñanza do concello de Dodro, este nomeamento que se vai producir agora e segundo, fágase mirar, as acusacións que fai da vinculación coa loita armada, a persoeiros como o Sr. Moncho Reboiras, sindicalista e nacionalista que desgraciadamente faleceu por eso tipo de acusacións sin absolutamente ningún fundamento ou polo menos, sen ningún respaldo xudicial e parece mentira Sr. Alfonsín e vamos a proceder á votación do acordo proposto a este pleno".

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procédese á votación.
Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
4 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

C) MOCIÓNS:

11. MOCIÓNS DE URXENCIA
Ningunha

D) CONTROL DO GOBERNO

12. Rogos e preguntas

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Hai algún rogo por parte do partido popular?*

Valentín Alfonsín, voceiro do PP: *"No"*.

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Algún rogo por parte do partido socialista?".*

Ramón Abuín, voceiro do PSdeG-PSOE: *" Si, nos últimos meses o Partido Popular de Dodro comezou a súa peculiar campaña electoral para as Eleccións*

CVD: BdxbUYMmJk60K0loOyOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Locais de 2023, con máis dun ano de antelación. Primeiro, co reparto de panfletos casa por casa casa, as que lle interesaban, claro está, por vía postal e nas redes sociais, contando mentira tras mentira; o importante para eles é difamar ao equipo de goberno. Cabe lembrarlle que as mentiras e falsidades, por moito que se repitan, continúan sendo mentiras .
Logo do reparto, proseguiu coa realización de mitins, con máis ou menos éxito, eu diría que escasa concorrencia e nalgún sitio nula, polos diversos lugares do concello, falando de política municipal á súa maneira, terxiversando a realidade, como se só eles souberan gobernar. Convocan á veciñanza por medio de cartelaría suxeitada aos postes de alumeado público, telefonía, tendido eléctrico ou mesmo paredes e portais, con cinta adhesiva de embalar. Pódese dicir, buscando un símil coa escritura, de "puño e letra", xa que foron colocados polo propio cabeza de lista que agora ten moito tempo libre, logo dos últimos acontecementos nunha empresa de case 100 anos de historia. Un por un, e incluso subindo aos postes, cousa que por outro lado non me parece mal que o faga.
Pero o que non me agrada e que, despois de rematar esas "convencións", continúen eses papeis e plásticos afeando o entorno das nosas aldeas.
Polo que, rógolle ao alcalde que se dirixa ao voceiro do Partido Popular de Dodro, para que proceda, o máis axiña posible, á retirada do que queda dos referidos carteis, así como a cinta de embalar que os suxeitaba.
Non é por nada, pero debería dar exemplo cara a veciñanza de Dodro, da que el non forma parte, e non emporcar as paredes, portais e columnas que estou seguro que no concello onde reside, Padrón, non llo permitirían e obrigaríanlle aos anunciadores a retiralos".

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Moitas grazas. No, por favor, nos rogos non se debe aplaudir".*
Algún rogo mais, portavoces?"

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: "*No"*

PREGUNTAS:

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Pasamos ás preguntas, nun principio imos a contestar ás preguntas pendentes de plenos anteriores.*
Pregunta presentada en abril e que non foi contestada no pleno:
-A vista da factura de Viaqua, aprobada por vostede en resolución 29/12/2021 e con cargo a partida 2021.161.60900, quixéramos que nos explicase por que motivo, e tendo en conta que se refire a traballos realizados e rematados en 2020, non se seguiu o procedemento de recoñecemento de extraxudicial de crédito para a aprobación desa factura e cal é normativa e artigos que aplicaron para a súa aprobación.
Señor Alfonsín que foi o que asinou a pregunta. A factura de Viaqua é de data 12 do 11 do ano 2021 e descoñezo por que vostede lle atribúe que son traballos realizados e rematados en 2020. Non sei de onde vostede saca iso, polo tanto, como non é verdade o que vostede pregunta, evidentemente e fácil de contestala, non procede a recoñecemento de extraxudicial de crédito, porque son

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

obras que se remataron antes da factura, a factura recórdolle o 12-11-2021.
Seguinte pregunta pendente do mesmo pleno:
-Por que recentemente foi asinado un convenio co Concello de Xermade de tal xeito que unha persoa funcionaria de este Concello, que non ten ocupada parte da súa xornada laboral poda entrar a traballar no Concello de Dodro sen necesidade de superar ningún tipo de proba nin concurso polo tempo que non traballa.
Poderíanos explicar vostede que normativa e que artigos son os que se aplicaron para establecer o salario desa persoa polo tempo que traballa en Dodro?.
Se vostede repasara un pouquiño antes de preguntar igual se enteraba e se aforraba o mal trago. O convenio é un instrumento que permite no artigo 209 da Lei de Emprego Público de Galicia, como fórmula de colaboración entre Entidades Locais. As retribucións dos servizos que se prestan na entidade local beneficiaria do convenio determinase en función das retribucións do concello de orixe, neste caso tómase como referencia o salario do Concello de Xermade.
E agora vou a dicir dúas cousas. Dodro non é menos que o Concello de Xermade, se o Concello de Xermade paga á súa arquitecta, recórdolle que Xermade ten unha poboación menor que o Concello de Dodro en mil habitantes
O Concello de Xermade está na mesma clase de terceira a nivel de secretaría-intervención que o Concello de Dodro e o Concello de Xermade ten un presuposto dun millón de euros menor que o Concello de Dodro, entendo que a traballadora arquitecta do Concello de Xermade, si cobre o mesmo en Dodro que en Xermade, paréceme o mínimo, polo tanto, se a vostede lle parece excesivo o que pode facer é queixarse alí , como fixo tamén na Deputación xa que carece do sentido do ridículo e mais xa fora do texto, cando se lle presenta ocasión, deixando á altura de betún ao noso concello.
S*eguinte pregunta que había pendente, esta é un tema de Servizos Sociais, que vai a contestar o concelleiro responsable da área. Léea vostede?"*

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: " Fágao vostede".

O Alcalde, Francisco Xabier Castro: *" Moi ben.*
1. *Na Xunta de Goberno Local do 22-02-2022 inclúe por urxencia a xustificación ao Programa de Financiación dos Servizos Sociais Comunitarios Municipales para o ano 2021 da Deputación da Coruña.*
A Deputación concedeu ao Concello de Dodro para o ano 2021 un total de 5.040 horas de SAF para persoal auxiliar de libre concorrencia.
Unha vez revisada a xustificación vemos con asombro que tan só se gastaron 4.300 horas das 5.040 horas subvencionadas polo Deputación.
Deixaron de gastar 740 horas e a veciñanza esperando máis de tres meses para que lle dean o servizo!!.
Visto este descalabro de xestión no departamento de servizos sociais preguntamos:
Cal é o motivo polo que deixaron de gastar 740 horas para cubrir o servizo, perdendo cartos de subvención da Deputación e tendo á veciñanza desatendida con meses de espera para que se lles dean o servizo?
Cal é o motivo polo que non contrataron servizos adicionais externos para cubrir o servizo, máxime cando tiñan lista de agarda? A que se debe esta mala

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

xestión?".

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: *"A veciñanza sofre a tardanza da valoración de dependencia da Xunta, que leva máis dun ano de espera a que as persoas sexan valoradas. (16 meses, 23 meses; ano 2018 persoa de 96 anos con 11 meses de espera para ser valorada). Un detalle, por ser non o vira: 12.500 persoas agardan pola valoración do grao de discapacidade .*
O Concello de Dodro ten a capacidade que ten. Vostede sábeo. E estamos xestionando, a maiores, esas horas. E temos o éxito de ter o 85% da totalidade das horas que poidemos atender. Cos procedementos legais e co persoal que ten o Concello de Dodro. É dicir está traballando o persoal todo e non temos máis persoal. Non sei se lle quedou claro."

O Alcalde, Francisco Xabier Castro: *" Moitas grazas. Hai unha pregunta mais que se presentou no pleno de abril e que vai a ser contestada tamén polo concelleiro de Servizos Sociais.*
2. *Dende fai varios meses ven vostede prometendo que a Educadora Familiar vaise incorporar nos vindeiros días, eses vindeiros días xa deixaron de ser vindeiros para converterse en non sabendo cando. Rematou en marzo e vamos en camiño de mediados de abril e seguimos como fai seis meses, foi vostede incapaz de xestionar a baixa da educadora familiar a pesar de contar con varios meses para facela.*
A contratación dunha persoa para cubrir a baixa segue paralizada, foi vostede absolutamente incapaz de contratar en seis meses a unha psicóloga despois de ter a financiación para iso. É incapaz de xestionar os servizos de asistencia no fogar, agora retíranlle a vostede a competencia para organizar os obradoiros de investimentos activo e máis o de memoria. E dende fai varios meses non lle permite respostar as preguntas da oposición, porque non sabe que dicir.
Tendo en conta dende que asumiu vostede a responsabilidade de xestionar o departamento de Servizos Sociais só foi capaz de destruír o que había e absolutamente incapaz de facer algo que fora útil aos veciños de Dodro, Sr. Mariño cando ten pensado presentar a súa dimisión e permitir que os traballadores de Servizos Sociais poidan traballar sen que a súa intromisión llo impida".

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: *"Díxenlle que lle ía contestar largo e tendido e vou facer como lle prometín. Gustaríalle a moitas persoas que non existira o BNG; ao PP porque ve que traballamos para a xente sen distinción, que traballamos con todas as ferramentas ao noso dispor, con transparencia, e coa legalidade da que está falta o partido máis corrupto que desde Dodro ata unha deputada investigada na POKEMON Paula Prado, que parece santificar o querer vivir da política e non empregala para os habitantes de Dodro, incluso, empregando o poder contra a veciñanza: sen polígono industrial, sen parcelaria dos montes ou atrancada, contratación a dedo, enfrontamentos continuos coa veciñanza, expedientes e despidos de traballadores municipais, neglixencias urbanísticas, etc. Xusto o contrario do que quere a maioría de Dodro, que di que non quere ese tipo de políticos nin de políticas no consistorio.*
E toda esta desfeita da dereita máis rancia, campou sen que, por exemplo, o BNG

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

acudira aos xulgados, cousa que adoita facer o PP cando non goberna: denunciar. Leva este goberno.... non sei 3, 4 denuncias da oposición do PP fronte ao que o BNG facía na oposición: todo propostas O denuncias. E agora soben un nivel utilizando á xente de Dodro para destruír en lugar de construír. Ou o último, ir ás oficinas de Servizos Sociais para acosar a traballadoras municipais! Seguro que esta verdade do PP que segue acosando, desde a oposición, a traballadoras municipais llo están dicindo á veciñanza. Sigan coas súas tolemias polas aldeas, sigan cabreándose. Como lle dixo Olalla Rodil a Tellado "non se separen un milímetro do argumento político que lle dou o PP". Mentres nós imos seguir demostrando cordura e seriedade diaria.
Téñolle que repetir que son moitas as xestión que se fan no concello e en Servizos Sociais contando con recursos "limitados" –que non acaba de pillalo- pero tamén coas axudas de organismos como a Xunta, cando non entorpece o funcionamento do concello! Grazas á Deputación, ao CIM ou a colaboración de asociacións como Andaina Pro Saúde Mental, AMIPA, etc. Ningunha reclamación da poboación de Dodro atendida! O PP de Dodro ten moitas caras que non logran tapar... é curioso, o primeiro pleno que nos vemos sen máscara, que ironía! O PP de Dodro está nese plan: apoian por un lado as medidas propostas en pleno de Servizos Sociais (pleno de febreiro) e por outro lado parece que critica o bo quefacer das traballadoras municipais ás que semella que despediría, abriría expediente disciplinario ou sancionaría ou apartaría do seu traballo.
Desde cando se tiran os paxaros ás escopetas? Alguén se cre que nós estamos desmantelando Servizos Sociais vendo o aumento que hai de horas e a atención que ten a veciñanza? Estamos facendo as contratacións lentas, é certo, pero coa seguridade e coa tranquilidade que merecen os veciños e veciñas de Dodro que no desexan ver aso seus gobernantes no xulgado, salvo vostedes.
Admito que teño vocación de servizo público. Calquera que me coñeza un pouco veo, desde o meu traballo docente ata na política".
Interrompe o voceiro do PP e intervén o alcalde dicindo que un respecto.

Valentín Alfonsín Somoza, Voceiro do PP: *"Si xa a teño"*.

O Alcalde,Francisco Xabier Castro: "*Por favor no interrompa".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: "*Non estou interrompendo"*

Alcalde, Francisco Xabier Castro: "*Un pouco de respecto, as intervencións dun compañeiro do Pleno o menos que se debe facer é non rirse, gústelle máis ou non garde un pouco de cordura e certa compostura".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: "*Xa teño, vostede non se poña nervioso"*.

O Alcalde, Francisco Xabier Castro: "*Eu non me poño nada nervioso, por favor, primeiro aviso"*.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: "*Tranquilícese, xa estou mantendo*

CVD: BdxbUYMmJk60K0loOyOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

o orde"

O Alcalde,Francisco Xabier Castro : "*Non está vostede no uso da palabra, segundo aviso sabe qu ao terceiro levantase e vaise, non?.*
Señor Mariño, continúe, por favor".

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: "*Dicía que calquera que me coñece un pouco desde o meu traballo docente ata na política na que leva máis tempo que calquera da oposición e da maioría deste equipo de goberno ve esa vocación de servizo público. E por iso me felicitan e me coñecen; non coma ao voceiro do PP que é famoso tristemente nos xulgados, e non só no ámbito municipal. Ante a administración municipal caótica que deixou Valentín Alfonsín Somoza fomos quen de saldar a débeda que nos deixou, de crearmos listas de contratacións para termos substitucións ante as posibles baixas de persoal .*
O proceso de contratación de persoal para o Concello de Dodro é como sabe, e como lle dixen e non se acorda, unha atribución do xefe de persoal que é única e exclusivamente do alcalde. Formulen ben a pregunta para a próxima vez.
Esquecíame de dicirlle que o da dimisión din os compañeiros que, non. E vai ser que non. Que non vou dimitir".

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *" Moitas grazas. Hai unha serie de preguntas presentadas polo portavoz do Partido Popular por escrito que como foron fora de prazo, se as quere facer orais, para velo, se non, quedarían para o pleno seguinte, como vostede queira".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *" e que esas van sempre orales. As preguntas son orales"*

PREGUNTAS DO GM do PP

1. Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Nestes días pasados foi anunciado o prazo de preinscrición da Escola de verán, pero non se menciona dende que concellería se dirixe esta actividade. O anuncio presenta datos falsos e erróneos. Se anuncia que está subvencionado pola Unión Europea, cando a orden da Consellería de Emprego e Igualdade no seu artigo 2, establece claramente que os fondos son propios da Comunidade Autónoma de Galicia.*
Se anuncia que está subvencionada por Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, cando en realidade, a Consellería que financia é a Consellería de Emprego e Igualdade.
Existe un requirimento da Consellería ao Concello de Dodro por erros na solicitude, concretamente no anexo III.
A vista de estas cuestión que poñen de manifesto un absoluto descontrol, e tendo en conta que na actualidade non existe ningún persoal técnico no departamento de Servizos Sociais.
Que persoal técnico é o encargado de realizar a preinscrición, tramitar o expediente da Escola de Verán e cumprimentar e custodiar os expedientes das familias beneficiarias desta actividade, así como asegurar a súa confidencialidadedade? Informouse á secretaria-interventora do Concello de que

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

se está a realizar a preinscrición?

O alcalde,Francisco Xabier Castro: "*Será contestada no vindeiro pleno".*

2. Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP :*"No ano 2021 a actividade da Escola de Verán fo licitada, segundo consta na plataforma de contratación. Tendo en conta que esta actividade se desenvolve de xeito continuo dende o ano 2012,*
Canto se vai proceder a licitar esta actividade, ou si van cambiar o sistema de contratación, nos poden informar dos motivos e xustificación?".

O alcalde, Francisco Xavier Castro Tourís: *"Será contestada no vindeiro pleno"*.

3. Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *" Tendo en conta que por parte do goberno municipal se abriu un prazo para a preinscrición na Escola de Verán 2022,*
Cando foron aprobadas ou pensan aprobar as bases que regulan a posta en marcha desta actividade?, e Cales son os criterios para a adxudicación das prazas?".

O alcalde, Francisco Xavier Castro Somoza:*" Será contestada no vindeiro pleno"*.

4. Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP :*"Tendo en conta que dende o 3 de maio non hai ningún técnico no departamento de Servizos Sociais,ningún técnico , dende o 3 de maio, ningún, e repito, ningún técnico, dende o tres de maio.*
Quen coordina o servizo de asistencia no fogar básico e dependencia e a custodia dos expedientes dos usuarios de servizos sociais?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"É curioso que vostede diga que non hai ningún técnico dende o 3 de maio no departamento de Servizos Sociais. Descoñecemos por que vostede sabe esta data e a que se refire con que dende o 3 de maio non hai ningún técnico no departamento de Servizos Sociais.*
É moi posible que esta predición ou esta visión de futuro que ten vostede coincida coa predición que fixo no pleno de decembro do ano 21 a Concelleira Sra. Boga Grela, cando nunha pregunta presentada a este concello di "temos constancia ademais de que esta situación sobre a baixa dun dos técnicos, vaise a prolongar no tempo xa que actual titular da praza, seguramente non se incorpore ao seu posto de traballo,dato do que vostedes xa son coñecedores".
Dende que no pleno de decembro o día 10 a Concelleira Sra. Boga fixo esta afirmación, a técnica á que se facía referencia pasou de estar de IT a estar de permiso de maternidade, logo posou a solicitar as vacacións, logo pasou a solicitar un permiso por lactancia e logo pasou a solicitar unha redución de

CVD: BdxbUYMmJk60K0loOyOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

xornada, que lle foi concedida e finalmente esta persoa volveu a enfermar, cousa que vostede sabía a 10 de decembro. Me parece..."
Interrompe Valentín Alfonsín, *voceiro do PP.*

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: *"Non, non. Si, si. Si, que o sabía. Aquí di "seguramente non se reincorpore ao seu posto de traballo, dato do que vostedes xa son coñecedores". Dicirlle que nós non somos..."*

Sra. M. Soledad Boga: *"Eu non dixen que porque estaba enferma".*

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: "*Non, non,non, pero sabía...*"
Interrompe M. Soledad Boga Grela [Indescifrable]

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís*:* *"no, pero sabía que...Estou contestando eu á pregunta. Vostede non está nesta pregunta".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP *"Porque está contestando o que está contestando?"*

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís*:* *"A de que por que, estou contestando á pregunta do 3 de maio?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP*:* *"Vostede contesto é técnico?"*

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: "*No pero eu contesto o que ..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP*: "**Así que vostede contesta o que lle da gana..."*

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: *"A quedi, tendo en conta que dende o 3 de maio non hai ningún técnico no departamento de Servizos Sociais? Xa lle dixen un día ten que aprender a preguntar, ten que ir a unhas clases de preguntamento, non sei onde as dan, pero aprenda a preguntar. Vostede afirma que dende o día 3 de maio non hai ningún técnico no departamento de Servizos Sociais, estoulle dicindo para razoar a miña resposta porque vostedes saben tanto, desde que o día 3 de maio non hai ningún técnico en servizos Sociais".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Pero había un técnico dende o 3 de maio".*
Interrompe varias veces

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: " Bueno, había un ou dous, estou...p*or favor Sr. Alfonsín no me interrompa, por favor, Sr. Alfonsín, coma me volva a interromper, abandona vostede a sala."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP : "*Dios mio, joder eres a hostia"*

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: ***"****A pregunta é quen coordina a asistencia de axuda no fogar básico se dependencia, pois mire, coordina a mesma persoa que coordinaba en agosto do ano 2018 cando vostede era alcalde e se collían vacacións".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP : *"Quen?"*

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: *"A mesma persoa que en agosto do 2018 coordinaba os expedientes cando a Traballadora Social collía vacacións, que quero dicir con isto, que o traballo estase a facer perfectamente, non é necesario coordinación a diario e non hai ningún problema coa coordinación do servizo de asistentas sociais".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Pero quen coordina?"*

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís:*"Sábeo vostede ben, a mesma persoa que coordinaba cando vostede era alcalde, en agosto do ano 2018, repase".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: "Cando eu era alcalde coordinaba a Traballadora Social.

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: *"seguinte pregunta, por favor, seguinte pregunta, por favor,seguinte pregunta, por favor, se quere volver a facela, se non...seguinte pregunta señor Alfonsín"*

5. Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: "*O pasado día 19 de maio, o sea que está coordinando sen técnico..."*

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: " Señor Alfonsín, seguinte pregunta por favor".

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: [indescifrable].

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: " Bueno, pois veña asombrado da casa".

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: "*O pasado día 19 de maio, atopábase no interior das oficinas de Servizos Sociais a que persoa que substituíu a Begoña Lorenzo durante a súa baixa, de nome Cora, ca citada Begoña Lorenzo que se incorporaba ese mesmo día.*
Segundo as súas propias manifestacións, Cora estaba poñendo ao día a Begoña Lorenzo dos expedientes de servizos sociais.
Tendo en conta que nese momento Cora non formaba parte da plantilla laboral do Concello, nin mantiña ningún tipo de relación laboral;
Quén autorizou o acceso de Cora aos expedientes de usuarios de servizos sociais

CVD: BdxbUYMmJk60K0loOyOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de Dodro sin ter relación laboral algunha, e ca gravidade que podería supoñer un posible accidente laboral sin ter vinculación laboral, e foi esto posto en coñecemento da secretaria-interventora?"

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: *"Mire vostede, parece mentira, vostede que tanto se preocupa dos Servizos Sociais, a min caeríame a cara de vergonza, presentar unha pregunta nestes términos. A persoa que substitúe a Begoña Lorenzo, de nome Cora, estivo traballando aquí máis de dez meses, o mínimo que tiña que facer vostede preocupado polos Servizos Sociais deste Concello, saber o apelido ou polo menos á hora de presentar un escritro, saber que a traballadora chámase señora ou señorita Cora González, o primeiro, Cora González".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP, interrompe.

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: *"Por favor non me interrompa, Por favor non me interrompa. Manteña un pouquiño de educación, que xa vexo que lle costa. Por favor, Cora González. Debería vostede despois de mais de doce meses, case doce meses de estancia entre nós e traballando entre nós, saber como se apelida.*

Segundo: Verte vostede outra mentira aquí, tendo en conta que neste momento Cora non forma parte da plantilla deste concello, nin mantiña ningún vinculación laboral, vostede ou é adivino ou ten unhas unhas cualidades que descoñecemos, en todo caso como vostede verte estas acusacións nun pleno municipal e preséntao nun escrito , o que debe facer vostede é ir a inspección de traballo a Coruña, e se considera que o Concello de Dodro cometeu algunha irregularidade laboral con respecto á relación de Cora González, dígolle apelido para que presente ben a denuncia en inspección, ou vaia alí e demande ao Concello e non sería a primeira vez que vostede o fai. Entón anímoo a que o faga.

Hai unha pregunta máis?"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP *"Segue sen contestar."*

O alcalde Francisco Xavier Castro Tourís: "*Dígolle que é un tema laboral, se é un tema laboral vaia vostede á inspección de traballo, e queda..., a resposta está contestado, non está entendendo a contestación?.".*.

Interrompe Alfonsín Valentín, voceiro do PP.

"Algunha pregunta mais? ,Algunha pregunta mais? Algunha pregunta mais, portavoces?.

Levántase a sesión do pleno ordinario de hoxe."

Ás 20:56 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: BdxbUYMmJk60K0lo0yOk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.